



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

E-mail: correo@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

Contestación ao escrito de 6 de outubro de 2011 presentado por Xosé Lois García Carballido co nº 3167 de rexistro de estrada.

Di o escrito que o artigo 77 da LBRL recoñece o dereito dos membros das Entidades Locais a obter do alcalde cantos antecedentes, datos ou información obren en poder dos servizos da corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

En esta Corporación vostede sempre ten acceso a toda a documentación necesaria para o desenvolvemento da súa función. Dende a convocatoria de cada sesión, ponse a súa disposición toda a documentación necesaria, para que poda ter coñecemento do expediente e posteriormente pronunciarse na votación.

Fai constar no seu escrito que o acceso á documentación e información municipal por parte dos Concelleiros é un medio que lles permite realizar de forma correcta e eficazmente a función que teñen encomendada de control de acción de goberno.

Igualmente fai constar que a normativa recolle determinados supostos nos que os concelleiros teñen acceso á documentación sen necesidade de autorización da alcaldía.

Estos casos son:

1º.- Información que competa aos edís que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión (que non é o seu caso).

2º.- Documentación íntegra dos asuntos incluídos na Orde do Día das sesións.

Alega, no seu escrito, que nos últimos Plenos ordinarios e extraordinarios do Concello de Ponteceso, a documentación a disposición dos concelleiros non incluía a totalidade das facturas orixinais nin as certificacións das obras as que fan referencia as resolucións de alcaldía incluídas nas Dacións de Contas ou nos recoñecementos extraxudiciais.

Esta afirmación que vostede fai é absolutamente falsa.

Todos os expedientes que se someten a aprobación do Pleno están a disposición dos Concelleiros na Secretaría municipal dende a súa convocatoria, coa documentación completa.

Nos expedientes de recoñecemento extraxudiciais, sempre se acompaña de toda a documentación necesaria. Lémbrolle, pois o coñecemento da normativa contractual non está demais para que nexerce un cargo de concelleiro, que os contratos de obras con importe inferior a 50.000€ se denominan contratos menores, e segundo a normativa contractual en vigor, para a súa aprobación sóamente é necesaria a aprobación do gasto e a factura. Esixir, de forma continuada, unha certificación de obra en obras menores, amosa o seu absoluto descoñecemento da normativa contractual.

Se ben é certo que dende que vostede é concelleiro deste Corporación dende o día 11 de xuño de 2011, xa pediu o día 17 de xuño de 2011:

1º.- Acceso á consulta do proxecto de reforma da Rúa Eduardo Pondal que vai a acometer a Consellería de Medio Ambiente, e de toda a documentación disponible neste Concello.

2º.- Acceso á consulta dos expedientes de obra maior aprobados nas Xuntas de Goberno Local dos anos 2010 e 2011.

3º.- Acceso ó expediente completo de reforma dos PXOM de Ponteceso e da suspensión de licenzas..

Contestádoselle o día 21 de xuño de 2011 co nº 1420 de saída que en relación ao proxecto de reforma da Avda. Eduardo Pondal debería acudir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

E-mail: correo@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

Infraestructuras; que respecto os expedientes de obra maior dos anos 2010 e 2011 se estaban recopilando e se lle citou o día 24 de xuño ás 10:00h para que examinara o expediente completo do PXOM e de suspensión de licenzas.

Logo de pasar a mañá completa examinando no Salón de Plenos o expediente do PXOM deste Concello, solicitou por rexistro de entrada co nº 2098 “outras citas para seguir consultando o expediente do PXOM en tempo e lugar o mais próximas a data en que se me citou”.

Lémbrolle que voltou polo menos 2 veces mais ó Salón de Planos a examinar o expediente do PXOM e de suspensión de licenzas.

O día 5 de xullo de 2011 co nº 2225 de rexistro de entrada presentou un novo escrito solicitando:

1º.- Copia da documentación que figura no expediente denominado “Suspensión de licenzas”.

2º.- Acceso, en días consecutivos no horario de atención ó público do Concello, de 9 a 2, aos expedientes de obra maior que solicitara por escrito o día 17 de xuño de 2011.

3º.- Acceso, en días consecutivos no horario de atención ó público, de 9 a 2, ó Libro de Entradas e Saídas do Concello de Ponteceso.

O día 8 de xullo contestóuselle a través dun escrito con nº 1606 de rexistro de saída que: respecto á copia do expediente de suspensión de licenzas, que xa examinara durante unha semana completa no Salón de Plenos, en canto se fotocopiara, entregaríasele. Debo destacar, en todo caso, que a Doctrina e a Xurisprudencia son contundentes a este respecto e consideran que:

Es indudable que los concejales, para lograr el efectivo desempeño de sus funciones, tienen derecho a la información; por lo que no se pueden establecer, por lo general, límites a este derecho, que no tiene otra finalidad que el eficaz desempeño de sus funciones, debiéndose exhibir el documento o los documentos solicitados.

Sentado lo anterior, hemos de decir también que si bien tiene derecho a que se le exhiban los documentos solicitados, no sucede lo mismo con las fotocopias, lo que atribuye un contenido más extensivo y complejo que el mero acceso a la fuente o documento en la dependencia municipal correspondiente y comporta distinta regulación jurídica. Por ello, los Tribunales afirman que «el derecho a la información contenido en el art. 23 c) CE no incluye como contenido propio del derecho fundamental el derecho a la obtención de fotocopias» [sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Murcia de 24 de febrero de 1999 (LA LEY JURIS: 4459/1999)].

Igualmente contestóuselle que para examinar os expedientes de licenzas de obra maior podía acudir o día Luns 18 de xullo de 2011 ás 9 da mañá e que, cando rematara a consulta dos expedientes de licenzas de obra maior, citaríasele para consulta dos Libros de Entrada e Saída do Concello de Ponteceso.

En todo caso, respecto a esto último debo informarlle que, analizada esta cuestión cos traballadores de oficinas de rexistro, é imposible que poida examinar, así, de forma xenérica, todo o histórico dos Libros de Entrada e Saída de Rexistro deste Concello.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

E-mail: correo@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

Os Libros de Entrada e Saída de Rexistro son programa informáticos instalados nos ordenadores dos traballadores da Oficina Xeral deste Concello. A súa consulta indiscriminada suporía unha clara obstaculización ó bo funcionamento do servizo público, pois no lugar do traballador municipal, estaría vostede, consultando as entradas e saídas do Rexistro.

O feito de que o Rexistro de documentos poida ser consultado non supón en ningún caso un uso abusivo deste dereito. Vostede, se o desexa, debe citar a consulta que quere levar a cabo de forma concreta, pois a consulta indiscriminada nun ordenador dun traballador municipal supón que durante todo ese tempo o traballador non podería desenvolver as súas funcións.

O día 22 de xullo de 2011, solicitou por rexistro de entrada co nº 2430:

- copia da relación de Resolucións que citan en papel ou soporte informático.

Debo comunicarlle que dende a convocatoria de cada sesión de Pleno ordinario, todos os concelleiros municipais teñen, a súa disposición, todas as Resolucións de alcaldía das que logo, na sesión plenaria, se da conta.

O día 28 de xullo de 2011, solicitou por rexistro de entrada, co nº 2467:

- A documentación completa das selección de 4 e 10 socorristas.

- A documentación completa das selección de persoal de limpeza de praias.

- A documentación completa da selección dun conserxe para a casa da Cultura.

- A documentación completa en poder do Concello a data do escrito (28/07) para a selección de outros operarios en virtude do Plan de Cooperación coa Xunta de Galicia.

O día 28 de xullo de 2011 co nº 1753 de rexistro de saída comunicóuselle que si se lle autorizaba a consulta, pero para evitar o menoscabo no funcionamento do servizo público, e ó estar ausente a Secretaria municipal durante o mes de Agosto por vacacións, se lle comunicaría no mes de Setembro o día e hora.

O día 5 de agosto, sendo coñecedor de que a maioría do persoal do Concello estaba ausente por vacacións, especialmente a Secretaria municipal e aínda cando sóamente tiña examinado dous expedientes de licenza de obra maior, volveu a presentar un escrito por rexistro de entrada, co nº 2564 solicitando, novamente e de forma continua de 9 a 2 da tarde o examen do expediente completo de:

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e o Concello de Ponteceso para a reposición das redes de saneamento na Avda. Eduardo Pondal (que xa se lle contestara que estaba en poder da Xunta de Galicia por ser unha obra autonómica)

- Todas as facturas a cada unha das Resolucións das Dacións de Contas do Pleno ordinario do 26 de xullo de 2011 porque “o alcalde non engadiu as mesmas ó expediente que consultamos antes do Pleno”. Continúa alegando que “ este alcalde e a Secretaria do Concello xa non amosan as facturas coas Resolucións” e, afirma que Mato Pet lembrou nun Pleno que a anterior Secretaria si incluía as facturas no expediente de resolucións.

Chegados a este punto teño que aclararlle como funcionan os órganos colexiados e a Administración Local no seu conxunto, porque o seu descoñecemento o único que consegue é paralizar absolutamente esta Administración municipal, entorpecendo continuamente o día a



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

E-mail: correo@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

día, con escritos de peticións absolutamente abusivas e desproporcionadas de información que van moito máis alá do exercicio da súa función.

Na Administración Local existen tres órganos necesarios: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Vostede nin é o alcalde, nin forma parte da Xunta de Goberno Local, polo que a súa participación redúcese ao Pleno da Corporación. Éste órgano ten unha serie de competencias, que presumo que descoñece, pero son as que son.

Segundo a normativa en vigor, un dos puntos do Orde do Día dos Plenos ordinarios é sempre a Dación de conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola alcaldía.

Estas Resolucións forman parte do Libro de Resolucións, custodiado pola Secretaría municipal. É un libro con follas debidamente numeradas e con membrete oficial.

Das Resolucións deste Libro dase conta no Pleno. As facturas non forman en ningún caso parte do libro de Resolucións. As facturas estarán no seu caso, nos seus expedientes. A Secretaría pon a disposición dos Concelleiros AS RESOLUCIÓN DO LIBRO. Acusar como fai gratuitamente a esta alcaldía xunto coa Secretaría municipal de ocultar as facturas é unha absoluta desvergoña, actitude que en vostede nada me sorprende. Dicar que a anterior Secretaría si acompaña no Libro de Resolucións as facturas é un despropósito, pois o ben vostede falta a verdade, ou ben Mato Pet non se enteraba de qué era do que se daba conta nos Plenos.

En todo caso, ante esa solicitude de información de 05/08/2011 contestóuselle que para continuar coa consulta dos expedientes de licenza de obra maior, podía acudir o día 22 de agosto de 2011 ás 9 da mañá.

Entendo que debo facilitarlle a documentación solicitada por orden, pois a estas alturas penso que nin vostede sabe moi ben o que ten solicitado.

Novamente o día 22 de agosto de 2011 pediu, co nº 2706 de rexistro de entrada, copia dixital dunha serie de informes de Intervención a unha conta de correo electrónico. Xa non se lle contestou por exceder total e absolutamente do dereito á información.

O día 30 de agosto co nº 2760 de rexistro de entrada, logo de ter examinado durante 15 días o expediente da Conta Xeral do exercicio 2010 pediu :

.- acceso para consulta dos reparos suspensivos emitidos pola Intervención do Concello dos anos 2010 e 2011 e

.- acceso a toda a documentación solicitada (entende que dendo o dí 11/06/2011).

O día 02/09/2011 contestóuselle que os reparos emitidos durante o 2010, ó xa vir recollidos na Conta Xeral do exercicio 2010, xa os levaba consultando dende facía 15 días. Ás veces creo que non sabe nin o que consulta, e respecto dos reparos do 2011, daríasele orden a Intervención de que os localizara nos diferentes expedientes, sempre sen menoscabar o exercicio das súas funcións.

Examinado o seu escrito de data 6 de outubro podo observar que vostede mesmo contesta a moitas das súas consultas (páx 6) pois afirma que a expedición de copias refírese a documentos concretos e salvo circunstancias moi concretas exclúe copias de todo o expediente. Vostede, sen embargo, solicitou en varias ocasións, copia completa de expedientes como por exemplo o de suspensión de licenzas.

Aproveito para aclararlle novamente cómo funciona o Pleno da Corporación, ante o último recurso de reposición interposto o día 30/09/2011 respecto dos acordos plenarios de



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

E-mail: correo@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

26/09/2011 dos puntos 4º e 5º do Orde do Día por ausencia do Interventor accidental á Comisión Informativa de Facenda previa.

Dí a normativa legal que:

Las sesiones plenarias han de convocarse, al menos, con dos días hábiles de antelación, salvo las extraordinarias que lo hayan sido con carácter urgente, cuya convocatoria con este carácter deberá ser ratificada. Éste era un Pleno ordinario, que foi debidamente convocado .

El Pleno se constituye válidamente con la asistencia de un tercio del mínimo legal de miembros del mismo, que nunca podrá ser inferior a tres. Estos quórumos deberán mantenerse durante toda la sesión. En todo caso, se requiere la asistencia del Presidente y del Secretario de la Corporación o de quienes legalmente les sustituyan. No Pleno ordinario de 26/09/2011 existía quórum e estaban presentes todos os membros necesarios

Dí o artigo 135 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Entes Locais que:

1. La válida celebración de las sesiones requiere la presencia de la mayoría absoluta de los componentes de la Comisión, ya sean titulares o suplentes, en primera convocatoria y un mínimo de tres miembros en segunda convocatoria una hora más tarde.

(137):El Presidente de cada Comisión podrá requerir la presencia, en sus sesiones, de personal o miembros de la Corporación a efectos informativos.

Visto o anterior infórmolle :

Os expedientes que se someteron a Comisión Informativa de Facenda e ó Pleno do día 26/09/2011 estaban completos, e polo tanto, debidamente informados polo Interventor accidental.

Polo que a súa labor de información, remata nese intre, cando informa o expediente.

A asistencia do Interventor accidental ás sesións dos órganos colexiados non implica en ningún caso que participe neles.

Se se tomara a molestia de ler a normativa reguladora dos órganos colexiados, sabería que tanto Secretaría como Intervención sóamente poden intervir nas sesións cando llo autorice o alcalde.

En ningún caso o funcionamento dun Pleno é a través dun debate entre a oposición e a Intervención.

En todo caso, as dúbidas que se lle aparezcan durante o examen dun expediente pode consultalas na Intervención municipal en horario de 8:00 a 14:30 de Luns a Venres.

Para rematar, decirlle que sí se accede a que consulte a documentación solicitada, pero ésta entregaráselle de forma ordenada e, ó ter todavía pendente o exame das diferentes licenzas de obra maior ,cítolle o día 17 de outubro de 2011 ás 9:30h da mañá para exame de expediente de obra maior.

Ponteceso, 11/10/2011

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar

XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO